

Procedemento para a publicación dos TFG e TFM das titulacións da Facultade de Ciencias da Educación (aprobado en Xunta de Facultade do 24 de marzo de 2018 e modificada o 28 de xuño de 2018)

Conforme a normativa vixente, os estudantes que o desexar poden optar á publicación dos seus traballos fin de Grao e fin de mestrado no repositorio institucional da UDC. Coa finalidade de procurar que as publicacións cumpran cos requisitos esixibles de calidade e rigor académico, a Facultade de CC. Da Educación establece o seguinte procedemento.

1.- Cada curso académico abrírase un prazo no mes de outubro, para que os estudantes que no seu día tiveran autorización do seu titor para a publicación, confirmen á Comisión de Titulación correspondente, logo da defensa pública, a súa solicitude confirmando que coñecen o presente procedemento.

Con esta finalidade, os estudantes presentarán unha instancia dirixida ao decano/a que conterá o título do traballo, si é TFG ou TFM, impreso co visto bo vencellante do/a director/a autorizando a publicación, a cualificación obtida, unha declaración de que coñecen este procedemento, e de que non existe nel plaxio algún que poda xerar responsabilidades legais ou reclamacións.

Xunto coa instancia os estudantes entregarán en formato papel, e en soporte electrónico, o traballo sometido a valoración, con *fe erratas* se proceder. Achegarán tamén o informe xerado pola aplicación antiplaxio da que dispoña a universidade que lle será facilitado polo seu titor. Esta documentación será remitida polo decanato á comisión de titulación de Grao ou á Comisión Académica do mestrado que corresponder. Éstas utilizarán o resultado deste informe, e calquera outro criterio obxectivable que podan aprobar, para decidir se procede ou non a publicación dun TFG ou TFM.

2.- No prazo de 30 días hábiles, finalizada a presentación de instancias, o decanato convocará ás comisións de titulación dos Graos, e as comisións académicas dos Mestrados. As comisións decidirán no prazo de 60 días hábiles sobre os traballos cuxa calidade e rigor merecen a publicación. A comisión de titulación fará público, polo menos, no taboeiro da Facultade o resultado da convocatoria.

3.- Excepcionalmente durante o ano 2018, e para aqueles traballos que non teñan sido previamente publicados, a Facultade abrirá prazos de solicitude sucesivos para os cursos 12/13, 13/14, 14/15, 15/16, 16/17 e 17/18. Nestas convocatorias non será necesario achegar o informe antiplaxio, que será xerado directamente polo centro.